

Resolución do 23 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para permitir a saída do recinto escolar do alumnado maior de 16 anos nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021.

Mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adoptáronse medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Conforme o punto sexto do dito acordo, as medidas preventivas previstas nel deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Posteriormente, o día 27 de agosto de 2020 nunha reunión conxunta do Consello Interterritorial del Sistema Nacional de Saúde en coordinación coa Conferencia Sectorial de Educación someteuse á consideración das comunidades autónomas o documento denominado «Declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte ao COVID-19 para centros educativos durante o curso 2020/21 e en relación coa vacinación fronte á gripe». O dito documento foi aceptado polas comunidades autónomas como conxunto de actuacións coordinadas en materia de saúde pública e publicado no Diario Oficial de Galicia do 28 de agosto de 2020.

Para aplicar as medidas contidas no citado documento ditáronse as «Instrucións polas que se incorpora a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobada polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (DOG núm. 174 bis, do 28.8.2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto do COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21, na versión 31.8.2020 e 16.9.2020.

Os retos e demandas da adaptación do sistema educativo a esta situación de pandemia derivada do COVID-19 cómpre que sexan abordados con rigor científico e de xeito colexiado desde ópticas educativas complementarias e coordinadamente co traballo doutros comités científicos e autoridades sanitarias competentes.

Para tal fin, a Orde do 18 de setembro de 2020 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade crea o Comité Educativo de Persoas Expertas para afrontar a emerxencia sanitaria derivada da pandemia.



O Comité Educativo de Persoas Expertas ten como ámbito de actuación os aspectos relativos á adaptación do sistema educativo á situación de pandemia derivada do COVID-19, co fin de que sexa abordada con rigor científico e de xeito colexiado desde ópticas educativas complementarias e coordinadamente co traballo doutros comités científicos e autoridades sanitarias competentes.

Dentro das súas funcións, se recolle a de propoñer e avaliar medidas educativas, organizativas e de xestión, que favorezan a mellor resposta posible desde criterios de inclusión, equidade e calidade, tendo en conta as particularidades e especificidades dos diferentes centros educativos.

De tal xeito, no seo do Comité Educativo, debateuse a problemática de xestión da distancia interpersonal nalgúns centros de ensino secundario en niveis non obrigatorios, así como nos centros de FP e Réxime Especial que, polas súas especiais características (nomeadamente centros históricos) ou pola súa ubicación (situados en lugares moi céntricos en cidades) non dispoñen de espazos amplos abertos (exteriores) nos que xestionar o tempo dedicado a recreo dentro do horario lectivo para o conxunto do seu alumnado.

A recomendación sanitaria é favorecer a actividade en espazos abertos e exteriores sempre que se cumpran as medidas de uso axeitado de máscara, distanciamento interpersonal e evitación de aglomeracións, así como hixiene de mans. Do mesmo xeito é preciso presupoñer e aceptar niveis crecentes de vida social e autonomía na adolescencia aínda cando iso supón maiores dificultades na xestión epidemiolóxica. É necesario, por tanto, vincular esa maior autonomía a graos crecentes de responsabilidade.

Na xuntanza do Comité do día 25 de setembro de 2020 apróbase a posibilidade de permitir a saída do recinto escolar daquel alumnado que, sendo maior de 16 anos e cursando niveis non obrigatorios de ensino, cumpra cunha serie de requisitos e cunha serie de condicionantes determinados.

Por todo o dito, coa finalidade de ditar instrucións para a regulación do permiso para a saída do recinto escolar do referido alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia,

RESOLVO:



1. O permiso para abandonar o recinto escolar do alumnado maior de 16 anos, sempre que se cumpran as medidas e condicionantes recollidos nesta resolución, terá carácter absolutamente extraordinario e estará vinculado, polo tanto, á duración da situación excepcional derivada da pandemia orixinada pola COVID-19.
2. O permiso estará limitado aos alumnos e ás alumnas maiores de 16 anos que cursen ensinanzas non obrigatorias (Bacharelato, ciclo medio ou superior de Formación Profesional e Ensinanzas de Réxime Especial) sempre que os seus proxenitores ou titores legais asinen a autorización correspondente (salvo no caso de menores emancipados) e eles mesmos se comprometan, mediante compromiso educativo para a convivencia, a manter no exterior do recinto as medidas de seguridade previstas nos protocolos e recomendacións sanitarias, así como a retornar á actividade lectiva en tempo e ordenadamente evitando situacións de aglomeración, segundo os modelos anexo I e II desta resolución.
3. Será requisito imprescindible para acollerse a este permiso a solicitude expresa e por escrito, por parte da dirección do centro, á xefatura territorial correspondente, logo da aprobación da proposta por parte do Consello Escolar.

Nesta solicitude deberá figurar, cando menos, o seguinte:

- Necesidades e situación específica que fundamenta a proposta, con especial indicación nas circunstancias construtivas ou de situación que poden facer aconsellable a medida.
 - Número de alumnado potencialmente afectado por quenda de recreo.
 - Resultado da votación da medida no Consello Escolar.
 - Medidas complementarias que tomará o centro en materia de vixilancia e xestión das entradas e saídas nos tempos de recreo.
4. A inspección educativa do centro emitirá informe ao respecto da petición.
 5. Logo da autorización da xefatura territorial, de ser o caso, o centro recadará as correspondentes autorizacións de proxenitores ou titores legais, para o cal remitirá información completa ás familias e organizará unha reunión, preferentemente por medios telemáticos, na que resolverá as cuestións e dúbidas que poidan xurdir.





6. Do mesmo xeito, unha vez autorizada a medida, o centro obterá a sinatura do compromiso de convivencia por parte do alumnado interesado no marco dunha sesión de tutoría na que se explicarán pormenorizadamente as regulamentacións aplicables, así como as responsabilidades que o alumnado asume.
7. Antes da posta en marcha do permiso, o centro informará ao Concello correspondente para contar co apoio das Forzas e Corpos de seguridade no control nas inmediacións do centro durante o tempo de recreo.
8. As condutas contrarias á convivencia que se poidan producir no tempo que o alumnado pase fóra do centro rexeranse polo establecido na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
As medidas correctoras aplicables serán incompatibles co exercicio deste permiso excepcional polo tempo que se determine.

A presente resolución terá efectos desde o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema

Anexo I: Modelo de autorización das persoas proxenitoras/titoras legais

Anexo II: Modelo de compromiso educativo para a convivencia



Anexo I: Modelo de Autorización das persoas proxenitoras/titoras legais

D./Dña..... con DNI.....
proxenitor/titor/a legal de con
DNI..... de anos de idade, matriculado en curso
de (facér constar ensinanzas) do centro
..... (.....) (facér constar localidade).

Sendo informado da posibilidade de autorizar a saída no tempo de recreo de
.....(nome do/a alumno/a), así como dos
condicionantes que son de aplicación nesta medida excepcional.

AUTORIZA ao/a alumno/a a abandonar o recinto escolar durante o tempo de recreo
coas condicións especiais e responsabilidades que iso supón.

NON AUTORIZA ao/a alumno/a a abandonar o recinto escolar durante o tempo de
recreo.

O que asina aos efectos oportunos,

En....., de de 2020

Asinado:



Anexo II: Modelo de Compromiso educativo para a Convivencia

D./Dña..... con DNI..... de
..... anos de idade, matriculado en curso de (facér constar
ensinanzas) do centro (.....) (facér
constar localidade).

DECLARA RESPONSABLEMENTE,

Que coñece as condicións particulares aplicables ao permiso excepcional para
abandonar o recinto escolar durante o tempo de recreo.

Que se compromete a cumprir coas normas aplicables, en especial:

- A cumprir coas *Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do Centro* durante o tempo lectivo incluso fóra do recinto escolar.
- A manter as medidas de seguridade en vigor en cada momento, en particular no referente ao uso de máscaras, distancia interpersoal, evitar aglomeracións (grupos de 2 ou 3 persoas como máximo) e hixiene de mans.
- A respectar a máxima puntualidade no retorno ás aulas.

Que entende que a normativa en materia de corrección de condutas contrarias á
convivencia é de aplicación no tempo de recreo mesmo no exterior do recinto, e que a
corrección destas condutas contrarias á convivencia pode implicar a perda do permiso
especial para abandonar o recinto escolar.

O que asina aos efectos oportunos,

En....., de de 2020

Asinado:

